

ACTA CONSELLO PARROQUIAL DE REBOREDA  
XUNTANZA ORDINARIA DO 29 DE MARZO DE 2016.

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación da Acta anterior.
- 2 .- Nomeamento dun representante e un suplente de entre os membros do consello parroquial de Reboreda para a comisión de regulamento dos consellos parroquiais.
- 3 .- Orzamentos participativos 2016.
- 4 .- Rogos e preguntas.

Na Sociedade Labrego Cultural de Reboreda, sendo ás 20:20 horas do día 29 de marzo de 2016, despois da correspondente convocatoria, reuníronse as/os membros seguintes :

Cecilia Pérez Orge, representante do B.N.G.  
Juan José Darriba Rivera, representante das Asociacións de Veciños.  
Manuel Darriba Rivera, representante das Asociacións de Veciños.  
Maria Santos, representante da ANPA.  
Apolinar Couñago Garcia, representante de AER.  
Jacinto Ricón, representante da Comunidade de Montes.  
Miriam Rodríguez Outerelo, representante das Asociacións de Veciños.  
Rubén Carrera Puentes, representante da Asociación Cultural.

Todas/os elas/es baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Maria José Barciela Barros, asistidas/os por mín, M<sup>a</sup> Lourdes Fernández Arines, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Reboreda convocada para o día de hoxe.

Sendo ás 20:20 horas a Presidenta declara aberta a sesión e comezouse coa orde do día.

- 1 .- Aprobación da Acta anterior.

Queda aprobada a Acta anterior por unanimidade dos asisntentes.

- 2 .- Nomeamento dun representante e un suplente de entre os membros do consello parroquial de Reboreda para a comisión de regulamento dos consellos parroquiais.

Quedan nomeados para a comisión antedita Maria Santos como representante titular e Manuel Darriba Rivera coma suplente,ambolos dous por unanimidade dos asistentes.

- 3 .- Orzamentos participativos 2016.

Juan José Darriba Rivera opina que o mellor seria facer as obras que se acordaron nun consello parroquial do ano pasado pero que debido a que no 2015 non houbo participativos non se poideron levar a cabo.

M<sup>a</sup> José Barciela Barros dí que a ela parecelle mellor facer un muro no Casal ou amplialo cruce que vai para a Pantalla, que é unha zona con moito tráfico rodado.

Cecilia Pérez Orge preguntalle a Juan José Darriba si teñen consensuado as súas peticións coas asociacións de veciños, a lo que o aludido responde que si, que teñen un acta asinada de xuntanzas anteriores onde se chagaba a ese acordo.

Apolinar Couñago Garcia pregunta si cos ornamentos participativos podense destinar a outro tipos de actuación tipos social ou cultural.

Cecilia Pérez Orge explica que non, que estes ornamentos están destinados a investimentos.

Depois de celebrar a votación chegase o seguinte acordo

1 .- Seguir facendo o muro sito en Santo Paio de Abaixo, parcela da Paradela, cos votos a favor de todos os asistentes menos a abstención de Cecilia Pérez Orge.

2 .- Facer muro ó seguir do anterior, na parcela de Viruquita, igualmente cos votos a favor de todos os membros e a abstención de Cecilia Pérez Orge.

4 .- Rogos e preguntas.

A Presidenta do Consello explica que, segundo acordo do Consello parroquial anterior, remitiuse á Deputación de Pontevedra a solicitude de ampliación da estrada que vai dende ó colexio público de Reboreda ata San Martin de Ventosela.

Jacinto Ricón pregunta a presidenta coma vai o tema do camiño do Fondo, na Garonda, el opina que a través dese camiño podería meterse os tubos para levar o alcantarillado a tres casas que carecen de saneamento.

M<sup>a</sup> José Barciela dí que foi a inspeccionalo co técnico do concello e está a espera do seu informe.

A Presidente informa de que se botou a pista no colexio de Reboreda e que nos vindeiros días vanse colocar mesas na entrada da Fervenza.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo ás 21:00 horas.